

CHUS PATO

obra poética



Quen é?



María Xesús Pato Díaz, nada en Ourense en 1955, é unha poeta en lingua galega e académica de número da Real Academia Galega.

Obra

Contextualización e características.

Contextualización

Chus Pato é unha das figuras máis revelantes da literatura actual. A súa obra caracterízase pola súa radicalidade. Constrúe unha literatura baseada na superación da tradicionalidade da poesía, con diferentes tipos de texto, dende o biográfico hata o ensaio filosófico, e unha gran cantidade de voces que van dende a súa propia, a unha inmensa cantidade de personaxes imaxinarios e reais que aparecen en: fragmentos teatrales, entrevistas, programas radiofónicos, etcétera.

Na súa práctica literaria non están ausentes os temas da emancipación de Galicia. Os seus poemas nacen dunha non neutralidad, e dunha artificialidade da linguaxe. Tematicamente, reivindica ideoloxías coma o nacionalismo galego, a visión marxista da realidade e a conciencia de xénero. Estilisticamente, fai constantes alusións á mitos greco-latinos para ilustrar a realidade.

O seu compromiso a leva a ter contacto coa política e cultura galega. (Frente Popular Galego respecto á política, o PEN club para a literatura e Redes Escarlata para o tema político-social)

En 2009 obtivo o Premio da Crítica de poesía galega pola súa obra *Hordas da escritura*.

Obra literaria

Os seus primeiros poemas apareceron na revista *Escrita* (1984). No ano 1992, publica xunto con outras 8 mulleres en *Edicións do Dragón*, a carpeta poética *8 e medio*, e participa nahomenaxe a Rosalía de Castro. Parte da súa poesía atópase nas antoloxías *Poesie en Galice aujourd'hui*.

A súa poesía está considerada como unha das máis modernas e persoais. A súa obra consolidou unha linguaxe propia con referencias temáticas e estilísticas únicas e un gran compromiso político. Chamámoslle poesía complexa, chea de imaxes, escenarios e pegadas intelectuais e un modelo literario afastado do convencional e que busca novas formas de expresión artística.

A súa poesía está marcada por un posicionamento crítico que expandiu o horizonte da poesía galega e colocouna na vangarda do pensamento contemporáneo. Cuestiona a linguaxe, a percepción e as ficcións históricas, mentres traballa entre o inexistente e o futuro. Construíu un proxecto poético no que se manifesta un profundo pensamento e reflexión sobre as identidades (individual, de xénero, nacional, histórica) e a escritura.

ALGUNHA DAMA DE FORTUNA

---isto é un libro de aventuras

así é como eu lle chamaria, vállame Deus!, un libro de aventuras

Acabo de meter a Nación nun cofre de piratas

o plano no corazón

Podo xurar que malia ao inverno escoitei cantar a Primavera

a fotografía da nenez no labirinto de buxo

e os espellos de rocalla

a non ser que sexan revólveres o que oculta a súa voz

Diríase que non teño outra identidade que a dor que padecía

pola súa perda

e ningún outro Paradís.